

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

9326 *Real decreto lei 12/2014, do 12 de setembro, polo que se conceden suplementos de crédito e créditos extraordinarios no orzamento dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

O presente real decreto lei ten como finalidade proceder á concesión de suplementos de crédito e créditos extraordinarios no orzamento dos ministerios de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de Educación, Cultura e Deporte, de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

En primeiro lugar, procédese á concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por importe de 5.160.000 euros, para financiar proxectos e programas de resposta humanitaria ante situacións de emerxencia, actuacións de loita contra o cambio climático e a subministración de equipamentos e material sanitario para afrontar a epidemia do ébola en Liberia, como consecuencia das seguintes situacións:

1) A incidencia de desastres naturais converteuse nos últimos anos nun problema clave tanto para o desenvolvemento dos países afectados como para a estabilidade mundial. O impacto de terremotos, furacáns, tifóns, inundacións e secas pon en dificultades a gobernabilidade de decenas de países e provoca sufrimentos irreparables e danos cuantiosos a millóns de persoas cada ano.

Os desastres naturais afectaron en 2013 máis de 200 millóns de persoas no mundo, ocasionaron 100.000 mortes anuais de media durante a última década e produciron danos economicamente estimados cada ano en máis de 100.000 millóns de dólares americanos nos últimos dez anos, demostrando que constitúe un dos principais problemas globais e unha das prioridades da acción humanitaria.

En 2014 produciuse unha multiplicación das crises humanitarias, feito que require unha resposta inmediata e solidaria da comunidade internacional, xa que se rexistraron cifras sen precedentes de persoas en necesidade de axuda humanitaria sobre as cales veñen advertindo diversos organismos internacionais e organizacións da sociedade civil. Este aumento exponencial das necesidades humanitarias require unha actuación inmediata.

España, dentro deste ámbito de actuación, está comprometida coa aplicación do marco acordado internacionalmente para a redución do risco de desastres, coñecido como o Marco de acción de Hyogo 2005-2015, cuxa revisión terá lugar durante a próxima Conferencia de Sendai, Xapón, en marzo de 2015. Ademais, España ten na preparación para a resposta a desastres naturais unha das súas liñas prioritarias de acción humanitaria dentro da súa política de cooperación para o desenvolvemento como establece o IV Plan director e o Plan operativo de acción humanitaria 2013-2014.

Para o desenvolvemento desta política faise necesario financiar proxectos e programas que teñan por obxectivo previr e preparar respostas ante desastres naturais por importe de 4.000.000 de euros.

2) Por outra banda, o cambio climático constitúe un fenómeno global, tanto polas súas causas como polos seus efectos, e require unha resposta multilateral baseada na colaboración de todos os países.

Neste ámbito de actuación vaise proceder á sinatura dun memorando de entendemento sobre cooperación en materia de cambio climático e mecanismos de desenvolvemento limpo, durante a Conferencia de xefes de Estado e de Goberno sobre o cambio climático, convocada polo secretario xeral de Nacións Unidas, que se celebrará en Nova York en setembro de 2014.

España ten a intención de adherirse á sinatura do dito memorando, que permitirá reforzar a cooperación en materia de cambio climático e desenvolvemento limpo incidindo nas enerxías renovables e no desenvolvemento sustentable cun grupo de pequenos países en desenvolvemento do Pacífico co cal se creará un marco estable e único de cooperación cunha das zonas máis vulnerables fronte aos efectos adversos do cambio climático.

No marco deste memorando, España ten previsto conceder subvencións por importe de 1.000.000 de euros, destinadas a financiar proxectos que contribúan á loita contra o cambio climático e a paliar os efectos adversos que se producen nos países en desenvolvemento.

3) Finalmente, para poder afrontar a emerxencia sanitaria ocasionada pola propagación da epidemia do ébola, o Goberno de Liberia pediu axuda ao Goberno de España dada a gravidade da situación ante o incremento no número de casos sospeitosos, probables e confirmados.

Aínda que nun principio o número de casos rexistrados de ébola en Liberia foi menor que en Serra Leona ou Guinea Conakry, a situación actual parece empeorar, debido tanto á rápida propagación da epidemia na capital, Monrovia, como noutras zonas do país. Iso, unido á falta dunha resposta eficaz das autoridades sanitarias e á imposibilidade de contar cos recursos humanos e técnicos suficientes para contela, provocou que Liberia sexa un dos países onde a situación ten trazas de empeorar.

A presidenta de Liberia declarou o 6 de agosto o estado de emerxencia durante 90 días para facer fronte á enfermidade, que superou a capacidade e responsabilidade legal dunha axencia ou ministerio concreto e expón unha ameaza real para a saúde, a seguridade e a economía do país. A Cámara de Representantes aprobou a medida posteriormente.

Como resposta á indicada solicitude, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento propón o financiamento da subministración de dous lotes completos de equipamento médico, material de protección, desinfección e rehidratación e medicamentos específicos contra o ébola para destinalos a Liberia. A Fundación Juan Ciudad e a Orde dos Irmáns de San Xoán de Deus que xestionan o Hospital de San Xosé en Monrovia serían os destinatarios finais do material co fin de apoiar a reapertura do dito hospital para o tratamento desta enfermidade e outras, o que require un financiamento por importe de 160.000 euros.

Por todo isto, e dado que a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento non dispón de financiamento, propónse un suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación por importe de 5.160.000 de euros, para financiar as actuacións indicadas, considerando que concorren as razóns de necesidade e urxencia que xustifican a súa concesión mediante real decreto lei.

En segundo lugar, por este real decreto lei procédese á concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e no orzamento do organismo autónomo «Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais» por importe total de 30.000.000 de euros, para posibilitar a convocatoria de axudas á amortización de longametraxes producidas en 2012.

A Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, establece que lle corresponde ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA), a promoción e o fomento da produción, distribución e exhibición de obras cinematográficas e audiovisuais e o establecemento das condicións que favorezan a súa creación e difusión.

Así mesmo, a citada Lei 55/2007 establece diversas medidas de fomento, entre as cales se atopan as axudas á amortización de longametraxes, que ten como beneficiarias as empresas produtoras con nacionalidade española e cuxo obxecto é a amortización do custo de produción das películas, así como incentivar a súa comercialización, tentando incrementar a cota de mercado de cinema español e manter un volume de produción.

Neste contexto, o Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais (ICAA) colabora co Instituto de Crédito Oficial (ICO) no ámbito da produción cinematográfica, a través da formalización de convenios de colaboración anuais, coa finalidade de establecer

unha liña de mediación dirixida ao financiamento de proxectos de investimento en producións cinematográficas de longametraxes.

A conexión entre ambos os instrumentos de financiamento prodúcese porque os beneficiarios das axudas á amortización quedan obrigados a destinar o seu importe á amortización dos préstamos obtidos ao abeiro da liña ICO-ICAA.

Por outra banda, a Sociedade de Garantía Recíproca «Audiovisual, S.G.R.», participada nun 45 por 100 polo ICAA, ten por finalidade apoiar a industria audiovisual e o sector dos contidos de carácter cultural ou de lecer no financiamento e desenvolvemento dos seus proxectos, facilitando o acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, mellorando as súas condicións de financiamento a través da prestación de avais ante bancos, caixas de aforro e outras entidades de crédito e prestando, así mesmo, servizos de asistencia e asesoramento financeiro. Esta entidade avala ou presta outro tipo de garantías a un elevado número das operacións acollidas aos convenios formalizados polo ICO e o ICAA para a produción e exhibición cinematográfica.

Por Resolución da Dirección Xeral do ICAA, do 14 de marzo de 2013, convocáronse axudas á amortización de longametraxes, axudas que se circunscribirán ás longametraxes estreadas entre o día 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2011. No ano 2014, mediante Resolución da Dirección Xeral do ICAA, do 3 de febreiro de 2014, convocáronse axudas á amortización das longametraxes estreadas no último trimestre de 2011, polo que as dispoñibilidades orzamentarias non permitiron convocar as axudas correspondentes ás longametraxes estreadas no ano 2012. Isto está a obrigar as empresas produtoras a amortizar no presente exercicio os préstamos solicitados no seu día, na lexítima confianza de que no ano 2014 poderían concorrer á convocatoria de axudas á amortización, cuxa percepción lles permitiría amortizar os préstamos solicitados, antes do vencemento dos períodos de carencia, sen teren que asumir o pagamento dos xuros derivados deles.

As razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión do presente suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e, pola súa vez, no orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais, estriban nos efectos negativos que non convocar as axudas á amortización das longametraxes estreadas ao longo do ano 2012 tería na industria cinematográfica, xa que parte das empresas produtoras iniciaron a súa produción nun marco normativo que nese momento lles permitía obter financiamento externo no cal actuaba como garantía a posible concesión da axuda. Polo tanto, de non se producir a convocatoria, xeraríaselles un quebrantamento financeiro que levaría ao peche de moitas delas e poría en grave risco un sector industrial de grande importancia cultural e xerador dun gran número de postos de traballo.

Por último, por este real decreto lei concédense créditos extraordinarios nos orzamentos dos ministerios de Fomento e de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, por un importe total de 725.731.999,87 euros, para imputar a orzamento e atender o pagamento de obrigacións de exercicios anteriores.

No momento do peche contable e orzamentario do exercicio 2013 púxose de manifesto a existencia de gastos que non contaban con cobertura orzamentaria ou nos cales a prevista resultou insuficiente, aínda que tales gastos figuran contabilizados e quedou rexistrada a súa incidencia no déficit en 31 de decembro do dito exercicio.

Estes gastos, que constitúen obrigacións exixibles para a Administración, deben ser regularizados e aplicados ao orzamento para proceder ao seu pagamento, o que require dispor previamente do correspondente crédito orzamentario. Para estes efectos, o presente real decreto lei contén a concesión de créditos extraordinarios que dotan a cobertura financeira suficiente para proceder á regularización.

O importe das operacións que é necesario regularizar ascende a 725.731.999,87 euros.

Ao Ministerio de Fomento corresponden un total de 540.692.050,73 euros que derivan maioritariamente de expropiacións, revisións de prezos, certificacións finais, xuros e liquidacións de obras da Dirección Xeral de Estradas por un importe de 492.163.523,83 euros, así como obrigacións relativas á conservación integral e de enerxía eléctrica da

propia Dirección Xeral de Estradas por un importe de 38.531.783,59 euros. Pola súa banda, a Dirección Xeral de Ferrocarrís debe atender obrigacións por importe de 8.425.559,41 euros correspondentes a expropiacións, liquidacións de obra e xuros de demora, e a Dirección Xeral de Arquitectura, Vivenda e Solo, por un importe de 1.571.183,90 euros, relativas fundamentalmente a certificacións.

Pola súa banda, as obrigacións pendentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ascenden a 185.039.949,14 euros. Delas, 126.651.336,56 euros corresponden á Dirección Xeral da Auga en concepto de certificacións, revisións de prezos, expropiacións e outras incidencias relativas a actuacións investidoras, e 8.521.170 euros por actuacións mediante convenio. Así mesmo, deben dotarse créditos extraordinarios no orzamento da dita dirección xeral por importe de 45.672.216,59 euros para atender o pagamento de obrigacións de determinadas confederacións hidrográficas e para repor a súa tesouraría. Finalmente, para obrigacións de distintos servizos do departamento concédense créditos por importe de 4.195.225,99 euros.

A imputación orzamentaria destas obrigacións require norma con rango de lei, de conformidade co establecido no artigo 34.4 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Por outra banda, as obrigacións que se trata de satisfacer foron imputadas ao déficit do ano 2013, polo que os créditos extraordinarios que se conceden non reducen a capacidade de financiamento do Estado no ano 2014 e, polo tanto, en aplicación do disposto no artigo 59 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non son susceptibles de financiamento con cargo ao Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria. En consecuencia, este real decreto lei recolle o financiamento dos créditos extraordinarios mediante débeda pública.

A exigencia de atender o pagamento de obrigacións exixibles que ineludiblemente debe satisfacer a Administración e a necesidade de non demorar o seu aboamento para non causar prexuízos aos terceiros afectados constitúen as razóns de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a concesión dos créditos extraordinarios mediante real decreto lei.

O real decreto lei inclúe, así mesmo, unha disposición adicional e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional e a derradeira primeira incorporan medidas para mellorar a liquidez das corporacións locais e das comunidades autónomas, respectivamente, flexibilizando o reintegro dos saldos negativos que resulten das liquidacións definitivas da participación das entidades locais en tributos do Estado e dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común no período 2008-2009.

En concreto, a disposición adicional ten por obxecto posibilitar ás entidades locais unha maior dispoñibilidade de recursos minorando os reintegros que correspondan ás liquidacións definitivas de 2008 e 2009, que foron de importes elevados e que motivaron a aplicación de períodos de reintegro de cinco anos, inicialmente, e de dez anos, con posterioridade.

Con todo, esa segunda ampliación só se aplicaría de o solicitaren as entidades locais.

Establécense requisitos que deberán cumprir as entidades locais tanto formais como de carácter financeiro.

Pola súa banda, a disposición derradeira primeira ten por obxecto posibilitar, neste caso ás comunidades autónomas, unha maior dispoñibilidade de recursos minorando os reintegros que correspondan ás liquidacións definitivas de 2008 e 2009, que foron de importes elevados e que motivaron a aplicación de períodos de reintegro de cinco anos, inicialmente, e de dez anos, con posterioridade.

Inicialmente acordárase un prazo de devolución de 60 mensualidades. Posteriormente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012 elevou o dito prazo a 120 mensualidades para computar a partir do 1 de xaneiro de 2012, e este é o prazo que está vixente na actualidade.

A disposición derradeira primeira modifica a citada Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012, de maneira que o prazo quedará establecido en 240 mensualidades para computar desde a dita data.

Desta forma, cada comunidade autónoma de réxime común poderá solicitar, antes do 31 de outubro deste ano, a ampliación do prazo a 240 mensualidades. Debido a que a aplicación efectiva desta medida se iniciará en xaneiro de 2015, prevese na disposición derradeira primeira unha ampliación do prazo de devolución a 204 mensualidades que se contarán desde ese momento co obxectivo de que os reintegros das liquidacións de 2008 e 2009 se efectúen en 240 mensualidades, para computar desde 2012.

As dúas disposicións son de urxente e extraordinaria necesidade, en canto que as entidades locais e as comunidades autónomas están a elaborar os seus orzamentos para o ano 2015 e, no caso de que pretendan acollerse, deben incluír o efecto das ditas medidas.

Por último, a disposición derradeira segunda introduce unha modificación no número 2 do artigo 14 do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, mediante a cal se suprime a obrigaación de que as condicións financeiras aplicables ás operacións de crédito que concerta o Estado coas comunidades autónomas con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico garantan a repercusión dos gastos financeiros e demais custos en que incorra o dito fondo.

Esta modificación xustifícase na especial situación financeira e orzamentaria dalgunhas comunidades autónomas, en particular as adheridas ao Fondo de Liquidez Autonómico, que fixo necesario que se propoña unha reestruturación das operacións de crédito formalizadas con cargo ao dito mecanismo para reducir o tipo de xuro aplicable a elas no 1% ata o 31 de decembro de 2015, que non garante a repercusión dos gastos e demais custos en que incorra o Fondo de Liquidez Autonómico.

A urxencia da modificación proposta vén determinada pola necesidade de que a rebaixa de xuros exposta poida ter efectos no último trimestre do ano 2014.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado polo que respecta aos artigos 1 a 9, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de setembro de 2014,

DISPÓN:

Artigo 1. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

Para financiar proxectos e programas de resposta humanitaria ante situacións de emerxencia, actuacións de loita contra o cambio climático e a subministración de equipamentos e material sanitario para afrontar a epidemia do ébola en Liberia concédese un suplemento de crédito no vixente orzamento da sección 12 «Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación», servizo 03 «Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica», programa 000X «Transferencias internas», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 43 «A axencias estatais e outros organismos públicos», concepto 430 «Á Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, para atender os gastos derivados de proxectos de axuda oficial ao desenvolvemento, incluídos os propostos ou que executarán organizacións non gobernamentais, con destino a países en vías de desenvolvemento», por importe de 5.160.000 euros.

Artigo 2. Variación de crédito no orzamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

O suplemento de crédito que se concede no artigo anterior financiará unha variación de crédito no orzamento da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento nos termos que se recollen a seguir:

Orzamento de ingresos

Alta:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – euros
12.401.404	Para atender gastos derivados de proxectos de axuda oficial ao desenvolvemento, incluídos os propostos ou que executarán organizacións non gobernamentais, con destino a países en vías de desenvolvemento	5.160.000

Orzamento de gastos

Alta:

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe – euros
12.401.143A.496.02	Para axuda oficial ao desenvolvemento. Axuda humanitaria . .	4.160.000
12.401.143A.496.04	Para axuda oficial ao desenvolvemento. Subvencións de Estado e outros proxectos AOD	1.000.000

Artigo 3. Concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Concédesese un suplemento de crédito no orzamento da sección 18 «Ministerio de Educación, Cultura e Deporte», servizo 09 «Secretaría de Estado de Cultura», programa 000X «Transferencias internas», concepto 415 «Ao Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais. Dotación do Fondo de Protección da Cinematografía», por importe de 30.000.000 euros.

Artigo 4. Modificación do orzamento de ingresos e concesión dun suplemento de crédito no orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais.

1. O suplemento de crédito que se concede no artigo anterior ocasionará un incremento no orzamento de ingresos do organismo autónomo 18.103 «Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais», na aplicación orzamentaria 18.103.400.01 «Do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Fondo de Protección á Cinematografía», por un importe de 30.000.000 euros.

2. Autorízase un suplemento de crédito no orzamento de gastos do organismo autónomo 18.103 «Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais», programa 335 C «Cinematografía», concepto 470 «Fondo de Protección á Cinematografía», por importe de 30.000.000 euros.

3. O suplemento de crédito que se concede no orzamento do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais financiarase co suplemento de crédito que se concede no orzamento do Estado.

Artigo 5. *Concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Fomento.*

Para atender obrigacións de exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios por importe de 540.692.050,73 euros no orzamento da sección 17 «Ministerio de Fomento» segundo o detalle que se recolle no anexo I.

Artigo 6. *Concesión de créditos extraordinarios no orzamento do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.*

Para atender obrigacións de exercicios anteriores, concédense créditos extraordinarios por importe de 185.039.949,14 euros no orzamento da sección 23 «Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente» segundo o detalle que se recolle no anexo II.

Artigo 7. *Modificación dos orzamentos das confederacións hidrográficas.*

Para atender obrigacións do organismo autónomo 23.229 «Confederación Hidrográfica do Guadiana», correspondentes a exercicios anteriores, apróbese un crédito extraordinario no orzamento do organismo por importe de 20.164.568,33 euros, nos termos que se recollen no anexo III.

O dito crédito extraordinario financiarase co crédito extraordinario que, polo mesmo importe, se concede no orzamento da Dirección Xeral da Auga e que figura incluído no anexo II.

Os restantes créditos extraordinarios que se conceden no anexo II con destino ás confederacións hidrográficas reflectiranse nos seus orzamentos de ingresos nos termos que se recollen no indicado anexo III.

Artigo 8. *Financiamento.*

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se conceden no orzamento do Estado financiaranse con débeda pública.

Artigo 9. *Aplicación dos gastos ao orzamento.*

Os gastos que se imputen orzamentariamente aos créditos extraordinarios, que para atender obrigacións de exercicios anteriores se conceden mediante o presente real decreto lei, deberán estar previamente contabilizados na conta 413 «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento» como consecuencia das actuacións de control financeiro permanente previstas no artigo 159.1 g) da Lei xeral orzamentaria, ou das comunicacións dos centros xestores previstas na normativa contable e orzamentaria. A intervención delegada no departamento ministerial correspondente velará polo cumprimento deste requisito.

Disposición adicional única. *Reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.*

1. Aquelas entidades locais ás cales se estea aplicando a ampliación do período de reintegro dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, regulada na disposición derradeira décima da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, poderán ampliar en 120 mensualidades aquel período, conforme as normas contidas nesta disposición.

2. A ampliación do período de reintegro poderá ser solicitada polas entidades locais ás cales se lles estiver aplicando a disposición derradeira décima da Lei 2/2012, do 29 de xuño. Así mesmo, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aplicarállela de oficio a aqueles municipios que teñan concedida a medida contida na letra b. do artigo 22 do Real

decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.

3. A solicitude anterior deberá ser aprobada polo pleno da corporación local e será remitida polo interventor ou o secretario-interventor ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e con sinatura electrónica con anterioridade ao 30 de novembro de 2014. A ampliación solicitada concederáselles ás entidades locais que, ademais de presentaren a liquidación dos orzamentos da totalidade de entidades integrantes da corporación local correspondentes a 2013, prevexan cumprir en 31 de decembro de 2014, co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, e cuxo período medio de pagamento non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade de acordo co período medio de pagamento a provedores que publiquen no mes de outubro de 2014, conforme o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, polo que se desenvolven a metodoloxía de cálculo do período medio de pagamento a provedores das administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento previstos na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

En canto á previsión do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite de débeda antes citada, terase en conta a información de execución trimestral do orzamento de 2014 que, correspondendo ao terceiro trimestre de 2014, remitan as entidades locais ata o 31 de outubro deste ano.

4. A aplicación efectiva da ampliación citada no número 1 anterior iniciárase na entrega á conta da participación en tributos do Estado do mes de xaneiro de 2015, e a partir de entón serán os reintegros mensuais aplicables os que resulten de dividir o importe pendente de reintegrar nesa data polas liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009 dividido por 204 mensualidades.

5. A modalidade de fraccionamento establecida no número 1 anterior manterase sempre que as entidades locais afectadas acheguen a liquidación dos orzamentos da totalidade de entidades integrantes da corporación local e se cumpran os obxectivos e límites citados no número 3 e referidos en todos os casos en 31 de decembro do exercicio inmediato anterior. No caso de que o incumprimento se produza en dous exercicios consecutivos, aplicarase a partir da entrega á conta do mes de xaneiro do exercicio seguinte o fraccionamento a 10 anos desde o 1 de xaneiro de 2012, mediante reintegros mensuais equivalentes ao resultado de dividir o importe pendente de reintegro entre o número de mensualidades que resten ata o 31 de decembro de 2021.

6. Se o importe pendente de reintegro en 31 de decembro de 2014 for igual ou inferior a 500 euros, reintegrarase pola súa totalidade na entrega á conta do mes de xaneiro.

7. As entidades locais poderán cancelar a totalidade do saldo pendente de reintegrar correspondente ás liquidacións definitivas dos anos 2008 e 2009, logo de acordo do pleno da corporación local e comunicación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no prazo e polos medios establecidos no número 3 deste precepto. A cancelación aplicaríase na entrega á conta do mes de xaneiro de 2015.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Modifícase a disposición adicional trixésimo sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, nos seguintes termos:

Un. O número nove queda redactado como segue:

«Nove. A determinación do incumprimento do obxectivo de estabilidade, para os efectos desta disposición, producirase no momento en que o ministro de Facenda e Administracións Públicas eleve ao Goberno o informe sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e

da regra de gasto do exercicio inmediato anterior, ao cal se refire o artigo 17.4 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Dous. Engádesse un novo número dez coa seguinte redacción:

«Dez. As comunidades autónomas de réxime común poderán solicitar ata o 31 de outubro de 2014 a ampliación do adiamento do mecanismo financeiro extraorzamentario previsto no número un desta disposición, co obxectivo de estender a 204 mensualidades iguais, que se computarán a partir de 1 de xaneiro de 2015, o adiamento do saldo pendente de reintegro na citada data das liquidacións do sistema de financiamento a que se refire o mencionado punto, así como dos anticipos concedidos en virtude do dito mecanismo.

Esta ampliación poderase conceder mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local que conterà, entre outras cuestións, o calendario de pagamentos e reintegros dos adiamentos concedidos.

No caso de que se constaten os incumprimentos dos obxectivos de estabilidade a que se refiren o números sete e oito desta disposición, produciranse os efectos alí recollidos, sen prexuízo de que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, poida seguir aplicando a ampliación do dito prazo a 204 mensualidades iguais, sempre que así o solicite a comunidade e esta acredite o cumprimento das súas obrigacións legais de subministración de información.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro.*

Modifícase o número 2 do artigo 14 do Real decreto lei 21/2012, do 13 de xullo, de medidas de liquidez das administracións públicas e no ámbito financeiro, que queda redactado como segue:

«2. As condicións financeiras aplicables a estas operacións de crédito estableceranse por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Economía e Competitividade.»

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de setembro de 2014.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO I

Créditos extraordinarios que se conceden na sección 17: Ministerio de Fomento

Servizo 09. Dirección Xeral de Arquitectura, Vivenda e Solo

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
2610 <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	8.700,00
<u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
	<u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 681	Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
	01 Outras	1.562.483,90

Servizo 38. Dirección Xeral de Estradas

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
453B <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	409.579,55
<u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
	<u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 680	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	00 Terreos e bens naturais	237.910.108,87
	01 Outros	160.759.830,58
Concepto 681	Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
	00 Terreos e bens naturais	21.939.742,26
	01 Outras	20.444.808,28
453C <u>Artigo 22</u>	<u>Material, subministracións e outros</u>	
Concepto 229	Enerxía eléctrica. Obrigacións de exercicios anteriores	4.749.509,76
<u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
	<u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 681	Investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	
	00 Terreos e bens naturais	1.554.429,69
	01 Outras	82.927.298,43

Servizo 40. Dirección Xeral de Ferrocarrís

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
453A <u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 680	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	00 Terreos e bens naturais	7.487.308,91
	01 Outros	938.250,50

Denominación dos programas

Programa 261O: «Ordenación e fomento da edificación».
 Programa 453 A: «Infraestrutura do transporte ferroviario».
 Programa 453 B: «Creación de infraestrutura de estradas».
 Programa 453 C: «Conservación e explotación de estradas».

ANEXO II**Créditos extraordinarios que se conceden na sección 23: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente****Servizo 02. Secretaría Xeral Técnica**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
451O <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	370.781,23

Servizo 05. Dirección Xeral da Auga

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
452A <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	694.230,25
452A <u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 680	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	00 Terreos e bens naturais	729.826,53
	01 Outras	61.698.457,75
Concepto 681	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	01 Outras	50.241.243,26
452A <u>Artigo 69</u>	<u>Investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
Concepto 690	Investimento novo asociado ao funcionamento operativo dos servizos	9.587,12
456A <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	2.088.486,41

Aplicación		Denominación	Importe (euros)
456A	<u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
	Concepto 680	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
		00 Terreos e bens naturais	1.010.454,27
		01 Outras	10.179.050,97
456A	<u>Artigo 76</u>	<u>A entidades locais</u>	
	Concepto 761	Convenio ribeiras do Ebro. Obrigacións de exercicios anteriores.	8.521.170,00
000X	<u>Artigo 41</u>	<u>A organismos autónomos</u>	
	Concepto 411	Ás confederacións hidrográficas, para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal. Obrigacións de exercicios anteriores.	
		00 Confederación Hidrográfica do Douro	163.198,50
		01 Confederación Hidrográfica do Ebro	2.225.521,22
		02 Confederación Hidrográfica do Guadalquivir	10.065.972,51
		03 Confederación Hidrográfica do Guadiana	1.454.383,84
		04 Confederación Hidrográfica do Xúcar	231.242,52
		07 Confederación Hidrográfica do Cantábrico	15.507,20
		08 Confederación Hidrográfica do Texo	1.416.607,00
	Concepto 412	Á Confederación Hidrográfica do Segura para a compensación das exencións previstas no Real decreto lei 14/2009, do 4 de decembro. Obrigacións de exercicios anteriores.	9.759.500,00
000X	<u>Artigo 71</u>	<u>A organismos autónomos</u>	
	Concepto 712	Á Confederación Hidrográfica do Guadiana para o pagamento da débeda derivada da obra de conducción do acueduto Texo-Segura para a incorporación de recursos á chaira manchega. Obrigacións de exercicios anteriores.	20.164.568,33

Servizo 06. Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar

Aplicación		Denominación	Importe (euros)
456D	<u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
	Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	830.722,80
456D	<u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
	Concepto 680	Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
		00 Terreos e bens naturais	2.126.751,52
		01 Outras	190.335,07
	Concepto 681	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
		01 Outras	430.894,52

Servizo 08. Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e Medio Natural

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
456B <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	172.290,11

Servizo 18. Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Política Forestal

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
414B <u>Artigo 68</u>	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u>	
Concepto 681	<u>Obrigacións de exercicios anteriores</u>	
	Investimento de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	01 Outras	55.713,56
456C <u>Artigo 64</u>	<u>Gastos de investimentos de carácter inmaterial</u>	
Concepto 648	Gastos de investimentos de carácter inmaterial. Obrigacións de exercicios anteriores.	17.737,18

Denominación dos programas

Programa 414B: «Desenvolvemento do medio rural».

Programa 451O: «Dirección e servizos xerais de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente».

Programa 452A: «Xestión e infraestruturas da auga».

Programa 456A: «Calidade da auga».

Programa 456B: «Protección e mellora do ambiente».

Programa 456C: «Protección e mellora do medio natural».

Programa 456 D: «Actuación na costa».

Programa 000X: «Transferencias internas».

ANEXO III**Modificación dos orzamentos das confederacións hidrográficas****Organismo 225: Confederación Hidrográfica do Douro****INGRESOS**

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u>	<u>Da Administración do Estado</u>	
Concepto 400	Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	163.198,50
<u>Artigo 87</u>	<u>Remanente de tesouraría</u>	
Concepto 870	Remanente de tesouraría	-163.198,50

Organismo 226: Confederación Hidrográfica do Ebro

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	2.225.521,22
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-2.225.521,22

Organismo 228: Confederación Hidrográfica do Guadalquivir

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrito	
	01 Para el pagamento de IBI de bens de titularidade estatal	10.065.972,51
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-10.065.972,51

Organismo 229: Confederación Hidrográfica do Guadiana

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	1.454.383,84
<u>Artigo 70</u> Concepto 700	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	02 Dirección Xeral da Auga, Plan especial Alto Guadiana	20.164.568,33
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-1.454.383,84

GASTOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
452A <u>Artigo 68</u> Concepto 680	<u>Investimento en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.</u> <u>Obrigacións de exercicios anteriores</u> Investimento novo en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	
	01 Outras	20.164.568,33

Organismo 230: Confederación Hidrográfica do Xúcar

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	231.242,52
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-231.242,52

Organismo 232: Confederación Hidrográfica do Segura

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	00 Para o desenvolvemento das súas actividades	9.759.500,00
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	175.715,47
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-9.935.215,47

Organismo 233: Confederación Hidrográfica do Cantábrico

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	15.507,20
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-15.507,20

Organismo 234: Confederación Hidrográfica do Texo

INGRESOS

Aplicación	Denominación	Importe (euros)
<u>Artigo 40</u> Concepto 400	<u>Da Administración do Estado</u> Do departamento a que está adscrita	
	01 Para o pagamento do IBI de bens de titularidade estatal	1.416.607,00
<u>Artigo 87</u> Concepto 870	<u>Remanente de tesouraría</u> Remanente de tesouraría	-1.416.607,00